



Concello de Parada de Sil

BASES DO CONCELLO DE PARADA DE SIL PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE PERSOAS AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1. - OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regular a formación dunha bolsa de traballo de persoas auxiliares de axuda no fogar en réxime laboral temporal.

As funcións levaranse a cabo no caso de vacante por renuncia, vacacións, licenzas, enfermidade, baixa médica e outras causas do persoal que actualmente está contratado, así como de reforzo de dito servizo, no caso de ser necesario.

Tamén se levará a cabo o reforzo do servizo como consecuencia dun posible maior prestación de horas de servizo como consecuencia do COVID-19.

O proceso selectivo será o concurso, conforme ao disposto no artigo 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en adiante TREBEP).

2.- COMETIDOS FUNCIONAIS.

O cometido funcional desta praza e do posto respectivo, corresponderase coa propia da mesma, sendo fundamentalmente as súas funcións as seguintes:

Funcións xerais:

- Asistenciais, de atención persoal e doméstica.
- De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.
- De colaboración co/a Traballador/a Social na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas a realizar son as seguintes:

2.1.- Tarefas de atención persoal:

- Axuda a erguerse, deitarse, incorporarse, vestirse, espirse e comer.
- Hixiene e aseo alimenticio.
- Control do réxime alimenticio.





Concello de Parada de Sil

-Control e seguimento da administración dunha medicación simple, sinalada polo médico, sempre que non exista un familiar ou achegado que pida facelo coas debidas garantías.

-Outras tarefas análogas que puidera necesita-lo interesado para o seu normal desenvolvemento.

2.2.- Tarefas de carácter doméstico:

-Limpeza e mantemento da casa, vaixela, mobiliario.

-Feitura das camas.

-Lavado da roupa.

-Repaso, pasar o ferro, ordenar, arranxos sinxelos da roupa de uso persoal.

-Preparación da comida.

-Compras elementais de artigos básicos para o consumo diario.

-Axuda en pequenos arranxos da casa como: cambiar unha lámpada, etc.

2.3.- Tarefas de orientación en actividades da vida cotiá.

-Realización de xestións como: chamar un técnico para facer unha reparación no domicilio etc.

-Detección de incidencias e alteracións no estado do usuario.

-Labor pedagóxica de adecuación de costumes realizando un traballo dirixido ó fomento duns hábitos axeitados de alimentación, hixiene, horarios, etc.

-Orientación sobre temas básicos de saúde.

Supervisión do estado da casa.

-Axuda na organización da economía doméstica.

2.4.- Tarefas de apoio psicosocial:

-Compañía, diálogo e comunicación coa persoa beneficiaria durante o tempo de prestación do S.A.F.

-Axuda para baixar e subir as escaleiras, desprazamentos en saídas curtas, etc.

-Acompañamento para realización de diversas xestións tales como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.

-Facilita-la lectura de correspondencia, prensa, etc.

Atencións puntuais:

-As tarefas necesarias para a posta en marcha ou o mantemento do Servizo, como a limpeza a fondo ou adaptacións mínimas do fogar.





Concello de Parada de Sil

3.- **NORMATIVA APLICABLE.**

Ao proceso selectivo seralle de aplicación o previsto no TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

4.- **REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.**

Para ser admitidos nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley do Estatuto Básico do Emprego Público, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.





Concello de Parada de Sil

c) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos términos, o acceso ao emprego público.

e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

f) Estar en posesión do certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio emitido pola Xunta de Galicia, ou haber superado un curso de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio homologado pola Xunta de Galicia, ou estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención socio-sanitaria ou equivalente.

O requisito de titulación que non será obxecto de valoración na fase de concurso.

No caso daquelas persoas que non contén con este requisito, poderán optar ao posto de traballo sempre que se comprometan á realización da formación mencionada anteriormente en canto exista unha convocatoria da mesma.

g) Posuír o permiso de conducir de clase B e vehículo propio.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

5.1- Os/as interesados/as en formar parte deste proceso selectivo, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Parada de Sil. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de Parada de Sil ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas **no prazo de cinco días naturais desde a publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.** Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte. A convocatoria publicárase no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica e os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicárase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Unha vez publicado o anuncio na sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios do concello, as bases estarán a disposición de calquera interesado/a.

As instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).





Concello de Parada de Sil

- Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración no concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta pola Comisión de valoración nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderán subsanarse.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes por Resolución de Alcaldía acordarase a aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na sede electrónica do Concello.

Na mesma Resolución que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos designarase a Comisión avaliadora e a data da súa constitución, así como a data, hora e lugar en que se realizará o exame e a valoración de méritos.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 2 días naturais, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo. De non existir aspirantes excluídos, O Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

5.2.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Tribunal reunirse nunha ou no número de sesións que resulten necesarias, que non serán públicas, para os efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados por cada unha ou un dos presentados.

O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso e na que se procederá á valoración daqueles requisitos sinalados nas presentes bases.

7.- FASE DE CONCURSO.

7.1.- Rematado o prazo, o Tribunal cualificador reunirse nunha ou no número de sesións que resulten necesarias, que non serán públicas, a efectos de valorar os méritos que consten nos expedientes presentados.

O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Parada de Sil.

7.2.- A puntuación máxima total da fase de concurso establécese en **DEZ (10)** puntos e será o resultado de sumar os méritos e de acordo ao seguinte baremo:





Concello de Parada de Sil

a) Experiencia profesional en postos de traballo de persoal de axuda no fogar. Ata un **máximo de oito (8) puntos**:

▣ Por servizos prestados nos concellos na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,15 puntos por cada mes completo. Só se terán en conta meses completos, non puntuándose períodos fraccionados.

▣ Por servizos prestados noutras A.A.P.P. na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,10 puntos por cada mes completo, sendo de aplicación o criterio de puntuación anterior.

▣ Por servizos prestados en empresas privadas, na mesma categoría ou similar á do posto a que se aspira: 0,05 puntos por cada mes completo, sendo de aplicación o criterio de puntuación anterior.

Para a xustificación deste apartado os aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e os orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración de traballo.

O tribunal non valorará aquelas contratacións onde non estivera fehacientemente acreditada a data de inicio e fin dos traballos efectivamente realizados.

b) Cursos de formación. Máximo dous (2) puntos.

Valoraranse os cursos de formación impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos polos centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionados coas funcións propias da praza a que se aspira:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos /curso.
- Cursos de entre 21 e 100 horas: 0,20 puntos /curso
- Cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

No suposto de que non conste o número de horas do curso, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarían con 0,10 puntos/curso.

8.-TRIBUNAL SELECCIONADOR.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, e da fase de oposición estará integrado polos seguintes membros:





Concello de Parada de Sil

- Presidente: Un funcionario ou empregado en réxime laboral dunha administración local ou de outra administración.

-Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue (que actuará con voz pero sen voto)

-Vogais: O alcalde designará os seguintes: tres funcionarios ou empregados en réxime laboral dunha administración local ou de outra administración.

O nomeamento dos membros do tribunal, titulares e suplentes que constitúan o tribunal, realizarase polo señor Alcalde do Concello, debendo posuír en calquera caso titulación ou especializacións igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Segundo o recollido no artigo 60 da Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley do Estatuto Básico do Empregado Público, ou ser estranxeiro con residencia legal en España, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a pariedade entre mulleres e homes, en todo caso, actuarase segundo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, tendo así mesmo en conta que, o persoal de elección de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán tomar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base de colaboración co órgano de decisión e que actuarán polo tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao señor alcalde cando concorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 23, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal dacordo co disposto no artigo 24 da devandita Lei.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal actuará con suxeción ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interperse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

9.1.- Concluída a valoración de méritos de todas e todos os aspirantes, o Tribunal as/os relacionará por orde decrecente en función da puntuación final obtida por cada un deles e formulará ao órgano competente a proposta de nomeamento a favor das ou dos





Concello de Parada de Sil

candidatos aos postos de auxiliares de axuda no fogar.

Esta proposta de nomeamento e a relación das puntuacións obtidas polas e polos aspirantes será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

9.2.- En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos ou candidatas, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios:

- a) En primeiro lugar, a favor daquela persoa aspirante que teña o menor nivel de protección por desemprego.
- b) En segundo lugar, de persistir o empate, a favor daquela persoa que teña maiores cargas familiares entendéndose por estas ter a cargo o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e un anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.
- c) Por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo.

Nestes casos o Tribunal deberá solicitar ás persoas candidatas a acreditación do criterio de desempate, mediante a presentación da documentación que estime máis axeitada para este fin.

10.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

10.1.- Crearase unha bolsa de emprego para a cobertura de postos de traballo con carácter temporal para os que se esixan os mesmos requisitos que nas presentes bases, acudindo ás/aos aspirantes relacionados por orde decrecente de puntuación na listaxe confeccionada polo Tribunal cualificador.

10.2.- A ou o aspirante que resultase nomeado no proceso regulado nestas bases, unha vez extinguido o contrato laboral, pasará a formar parte desta bolsa na orde que lle corresponda póla súa puntuación.

Non obstante, si a persoa nomeada tralo proceso que regulan estas bases incorre nalgún dos supostos relacionados nas mesmas, será excluída con carácter definitivo da bolsa de emprego.

11.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

11.1.- No caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións que nese momento non estean prestando servizos para o Concello de Parada de Sil como auxiliar de axuda no fogar, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este previa sinatura do correspondente contrato laboral.





Concello de Parada de Sil

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación á que se refire o parágrafo seguinte ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, poida pasarase a/aos seguinte/s na lista.

11.2.- A oferta do posto será notificada na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante LPAC), ao enderezo postal ou electrónico sinalado no currículum vitae remitido pola Oficina de emprego público e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificado, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto nas presentes bases.

De resultar infrutuosa a notificación, tralos dous intentos previstos no artigo 42.2 da LPAC, procederáse do mesmo xeito coa/s seguinte/s persoa/s da lista sen necesidade de realizar a publicación no Boletín Oficial do Estado que se prevé no artigo 44 da mesma Lei dada a celeridade para o que está previsto este procedemento e a temporalidade dos postos que con el se poden cubrir.

Para axilizar as xestións poderá empregarse o contacto por medio telefónico.

11.3.- Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá a oferta indicándolle o número de orde no que se atopa na bolsa, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación que se lles solicite ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase a/s seguinte/s na lista.

A persoa que incorra nalgunha das circunstancias mencionadas no parágrafo anterior será excluída con carácter definitivo da bolsa de emprego agás que a renuncia, que en todo caso deberá realizarse por escrito, se deba algún dos seguintes motivos:

- a) Que a persoa se atope de permiso por paternidade ou maternidade.
- b) Que a persoa se atope na situación de incapacidade laboral temporal por enfermidade común ou accidente profesional.





Concello de Parada de Sil

c) Que se atope prestando servizos para o Concello de Parada de Sil noutro posto de traballo.

Nos supostos a) e b) a renuncia deberá acompañarse dos documentos acreditativos da situación. No suposto de que non o acredite debidamente no prazo que se lle indique, será excluída definitivamente da lista.

Serán igualmente causas de exclusión definitiva da lista a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo aceptado e todas aquelas outras que motivan a perda da condición de empregado público.

11.4.- No suposto de que a necesidade de prover o posto non fora previsible coa antelación suficiente e a súa cobertura fora necesaria para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente ao número consignado no currículum vitae.

Nestes supostos, a ou o empregado público que realice esta tarefa o intentará por dúas veces no mesmo día a horas diferentes cun intervalo mínimo entre chamadas dunha hora.

De resultar infrutuosos ambos chamamentos pasarase á seguinte persoa da lista.

En calquera dos supostos a ou o empregado estenderá dilixencia dos chamamentos realizados indicando número de teléfono, día, hora e minutos e resultado da oferta que poderá ser:

- a) Non contesta.
- b) Acepta.
- c) Renuncia.
- d) Permiso por paternidade ou maternidade ou incapacidade laboral temporal. Nestes casos deberáse informar da necesidade de acreditar a circunstancia que conorra no prazo máximo de cinco (5) días hábiles desde o chamamento.

En caso contrario procederase ao seu tratamento como renuncia.

12- NORMA FINAL.

12.1.- Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ou polas interesadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e





Concello de Parada de Sil

na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

12.2.- O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do concurso naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto a normativa recollida nas presentes bases.

Parada de Sil, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Aquilino Domínguez Díaz

ANEXO I

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA PARCIAL

D./D^a..... con D.N.I, e dirección a efectos de notificación en teléfono....., informado da convocatoria de proceso selectivo para servicio axuda no fogar no Concello de Parada de Sil como personal laboral temporal

Solicito:

A admisión para participar nas probas selectivas de acceso.

Así mesmo declaro expresamente que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria para participar no proceso selectivo indicado.

Documentación que se adxunta, coa solicitude (márquese o que proceda):

- Copia cotexada del DNI ou documento que proceda no caso de ser extranxeiro.
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade





Concello de Parada de Sil

o incompatibilidade previstas na lexislación vixente e de disposición de vehículo ou compromiso de desprazamento por a súa conta (Anexo II).

-Fotocopia cotexada das titulacions aportadas e cursos formativos.

-Acreditación documental xustificativa da experiencia.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

1. O tratamento polo Concello de Parada de Sil dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes conforme ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa para facilitarlle estes datos ao Concello de Parada de Sil determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados de que os datos fornecidos coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación de aplicación, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser contratado, e para a valoración dá a súa solicitude.

Os interesados poderán solicitar en todo momento ao Alcalde/Presidente do Concello de Parada de Sil o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. E poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

En a, de de 2020.

Asdo.

Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Parada de Sil (Ourense)

ANEXO II

D./D^a..... con D.N.I
....., e dirección a efectos de notificación en
.....
teléfono....., presento a seguinte

DECLARACIÓN XURADA

-Que cumpro cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, e que non estou incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

- Dispoño de vehículo e permiso de conducir/ Comprometome ao desprazamento por a miña conta.





Concello de Parada de Sil

E para que conste, aos efectos oportunos segundo as bases da convocatoria de AUXILIAR AXUDA FOGAR, asino a presente declaración en adede 2020.

O/A interesado/a

Asdo.

Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Parada de Sil (Ourense)

